

POA

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA

CEE PONTEVEDRA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2019-2020





ÍNDICE:

1. REFERENCIAS LEGAIS	páx. 3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	páx. 4
2.1. Datos do contorno escolar	páx. 4
2.2. Centro	páx. 5
2.2.1. Espazo	páx. 5
2.2.2. Ensinanzas	páx. 5
2.2.3. Recursos persoais	páx. 7
2.2.4. Recursos materiais	páx. 7
2.3. Alumnado	páx. 8
2.4. Servizo de transporte escolar	páx. 9
2.5. Servizo de comedor	páx. 9
2.6. Asociación de nais/país	páx. 9
2.7. Departamento de Orientación	páx. 10
3. AVALIACIÓN DAS NECESIDADES	páx. 11
3.1. Relativas ao centro	páx. 11
3.2. Relativas ao alumnado	páx. 12
3.3. Relativas ao profesorado	páx. 12
3.4. Relativas ás familias	páx. 12

4. OBXECTIVOS	páx. 13
4.1. Referidos ao Centro	páx. 13
4.2. Referidos ao alumnado	páx. 14
4.2. Referidos ao profesorado	páx. 14
4.3. Referidos ao contexto socio - familiar (familias e educadores)	páx. 15
4.4. Referidos ao persoal non docente	páx. 15
4.5. Referidos á colaboración con servizos e institucións externas ao centro	páx. 15
5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS	páx.16
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	páx. 21
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN	páx. 22
ANEXO: CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO POAP	páx. 24
Dilixencia	páx. 28

1. REFERENCIA LEGAIS

Os referentes legislativos que se teñen en conta para elaborar este plan do departamento de orientación son:

- **Lei orgánica 2/2006 do 3 maio de educación**
- **Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.**
- **Lei 4/2011**, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 374/1996, de 17 de outubro**, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos centros de educación primaria.
- **Decreto 120/1998 do 23 de abril**, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **Decreto 8/ 2015, do 8 de xaneiro** polo que se desenvolve a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Orde do 31 de outubro de 1996**, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- **Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 27 de decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.



- **Resolución do 22 de decembro do 2004**, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- **Circular 10/2010** das Direccións Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A Orientación Educativa constitúe un elemento inherente á propia educación, inseparable de toda acción educativa e que afecta ao conxunto de toda a comunidade escolar: profesores/as, pais/nais/titores legais, alumnos/as e centro. Enlóbese dentro dun modelo de intervención, onde é imprescindible a colaboración do departamento de orientación cos demais órganos docentes, departamentos e profesorado. Constitúe o marco regulamentado institucionalmente onde se articulan as funcións de orientación e titoría.

O Departamento de Orientación terá moi presente os principios de Individualización e Inclusión e tratará de desenvolver todas aquelas accións encamiñadas a apoiar a atención e formación integral do alumno/a . Será unha vía de asesoramento continuo ao alumno/a, ao profesorado e ás familias/titores legais. Potenciará as accións de formación e orientación profesional dirixido ás familias e alumnado para a toma de decisións e inclusión na vida adulta (terapia ocupacional, programas formativos, derivalos á FP Básica)

2.1. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR.

O **CEE Pontevedra** está ubicado dentro dun complexo denominado Centro “Príncipe Felipe” que pertence á Deputación Provincial de Pontevedra. Está situado nunha zona ás aforas da capital pontevedresa. Para acceder ao centro da cidade e aos seus servizos básicos (concello, mercados, culturais, restauración...) é preciso desprazarse en transporte público e/ou privado, xa que dista 2 kms.

O centro está na localidade de Mourente, rodeado de vivendas unifamiliares con espazos verdes para desfrute e cultivo. Na súa contorna o máis destacable é a proximidade do Centro Hospitalario de Montecelo, o CEIP Príncipe Felipe, o CIFP Carlos Oroza e o IES Montecelo..

2.2. CENTRO.

2.2.1. Espazo

O **CEE Pontevedra** está situado na planta baixa dun dos edificios do complexo infantil. Na planta superior e totalmente independente está o Centro “Agarimo”.

Conta con suficientes espazos e o equipamento necesario para atender as necesidades dos/as alumnos/as. Presenta algunhas deficiencias en canto á accesibilidade, pois os marcos das portas son estreitos e nalgunhas saídas hai escalóns.

Na entrada principal hai un vestíbulo grande na que se atopa a parte administrativa do centro: dirección, secretaría, sala de reunións, departamento de orientación, cuarto de reprografía, almacén xeral, conserxería e dous aseos. É un espazo amplo e luminoso. Do vestíbulo principal accédese a un longo corredor central e a ambos lados distribúense as distintas dependencias do centro. Na zona central dese corredor está a Biblioteca, sala de Psicomotricidade, Sala de usos múltiples (salón de actos), Aula técnica de PF Reprografía e Aula de Educación Musical. A ambos lados do corredor central están ubicadas as aulas, tres en cada módulo (perpendiculares ao central). Hai en total oito módulos no centro. Nos módulos distribúense as aulas para as titorías, os servizos de linguaxe, a aula das coidadoras, informática e as aulas para os diferentes obradoiros que se imparten (cociña, fogar, alfombra, manualidades...). Ao fondo do corredor, no módulo 12, atópase a aula de estimulación sensorial. Hai aseos suficientes en todos os módulos, algún deles equipados tamén con duchas.

As aulas están ben iluminadas e son o suficientemente amplas para a ratio establecida. Teñen o equipamento material preciso e continuamente estase actualizando atendendo ás necesidades do alumnado. Todos as aulas teñen conexión a internet e hai rede Wifi.

Os módulos comunican con zonas verdes interiores e exteriores empregados como recursos para a formación (Xardín Zen e Xardín dos sentidos). O módulo 2 é o acceso principal a zona de recreo.

2.2.2. Ensinanzas

Dado que non hai regulación organizativa e curricular concreta para os centros específicos, a CCP, oído o Claustro consensúa a distribución en dous tramos:

- **Primeiro tramo:** Educación obrigatoria (De 12 a 15 anos): Cronoloxicamente correspóndese coa Educación Primaria e a ESO. Neste

curso (2019-20) contamos con 5 grupos – clase que traballan Básica e obradoiros.

- **Segundo tramo:** postobligatorio (de 16 a 21 anos): PTVA + PF.
 - Hai 5 grupos que desenvolverán formación básica e obradoiros do Programa de Tránsito á Vida Adulta (PTVA).
 - Hai 3 programas formativos: CB Xardinería e Viverismo, CB Reprografía e CB Servizos de Restauración. A finalidade é ofertar unha formación que facilita unha saída laboral ao alumnado con discapacidade e con competencias profesionais. Ademais no caso de estimar que teñen a capacidade suficiente para realizar a FPB nun centro ordinario (IES) serán derivados a este.

A educación cos nosos alumnos/as é un proceso moi individualizado e por iso, segundo as competencias e capacidades do/a neno/a desenvolvemos con el obxectivos, contidos, criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe de infantil, primaria e/ou transición e dos PF da FP Básica.. Os referentes curriculares son pois o Currículo de Educación Infantil e o Currículo de Educación Primaria. Tamén terá cabida a nivel curricular os contidos do Programa de Transición á Vida Adulta.

Fóra dos contidos curriculares o primeiro que pretendemos é conseguir o benestar emocional do noso alumnado, a nosa adecuación as súas capacidades e competencias e unha educación rica en valores e que os prepare para ser parte importante da Comunidade na que viven.

Respecto ás modalidades de escolarización neste centro desenvólvense:

- Escolarización completa
- Escolarización combinada

Non temos alumnos/as menores de 7 anos cos que se poida traballar Programas de Estimulación e Atención Temperá. Mais trabállase dende o punto de vista preventivo e para evitar o agravamento das dificultades e limitacións xa coñecidas dos nosos alumnos/as. Somos conscientes de que no seu propio desenvolvemento, vanse atopar novos obstáculos que nós lle axudaremos a superar. Priorizarase na atención, especialmente dalgúns servizos (AL) aos nenos/as máis pequenos e con patoloxías máis graves.

2.2.3. Recursos persoais

O profesorado do Centro, o forman:

- Mestres/as de pedagogía terapéutica; variable segundo a matrícula:
11 mestres de PT: 10 titores e 1 PT a xornada completa.
Titorías: 5 de EP e ESO e 5 de Transición á Vida Adulta.
- 3 profesores/as técnicos/as que imparten os programas formativos.
- 1 mestre/a especialista en Educación Musical e psicomotricidade..
- 1 mestre especialista en Educación Física que desempeña a Xefatura de Estudos.
- 3 mestras de Audición e Linguaxe (unha con funcións de Dirección e outra en Básicas - Módulos comúns de PF).
- A orientadora
- 1 mestre de Educación Católica /Relixión. En réxime compartido.

Forman parte do persoal non docente:

- ❑ Un conserxe que pertence ao persoal da Deputación Provincial de Pontevedra.
- ❑ 4 coidadoras (persoal non docente)
- ❑ Resto de persoal: limpeza, mantemento, comedor, etc.. pertence á Deputación e é común para toda a Cidade Infantil.

O centro conta con **20 mestres adscritos** e **1 compartido** dos cales só a orientadora é definitiva. O resto das prazas están cubertas por mestres en comisión de servizos para postos de escolarización de alumnado de atención preferente e/ou ben por profesorado en prácticas, con destino provisional e/ou substitutos. Debido ao problema que supoñía non poder contar cun equipo estable de profesionais, sobre todo no referente a atención de alumnado con n.e.a.e e a continuidade de proxectos moi específicos solicitamos prazas de atención preferente, para asegurar esta estabilidade.

A implicación do profesorado e de todo o persoal non docente e o clima de traballo fai do centro un lugar moi doado para a convivencia, que se esforza e traballa en equipo.

2.2.4. Recursos materiais

As instalacións do centro son amplas, adaptadas, sen barreiras e con materiais. O centro conta con medios e recursos materiais: pedagóxicos, audiovisuais, tecnolóxicos, psicomotricidade e educación física, material de música, informático, expresión plástica (manualidades), material de pintura, materiais de cociña, bibliográficos e dixitais (da

biblioteca e outras estancias), material primeiros auxilios, material administrativo, aula de estimulación, etc.

O material distribúese nas aulas e outras instalacións do centro, de xeito organizado e accesible. O material do D.O. sitúase sobre todo no propio despacho, na Biblioteca escolar e nas aulas dos especialistas.

O centro conta cos recursos económicos necesarios para sufragar a compra de materiais específicos para o departamento e para o desenvolvemento das súas actividades, ben sexa co alumnado e /ou co profesorado.

2.3. ALUMNADO

A matrícula está en torno a **73 alumnos/as**, con un máximo de **5 alumnos/as** por aula en ESO y PTVA, de **10 alumnos/as** en PF. O noso alumnado procede de familias dun nivel socio-cultural, medio-baixo agás algunha excepción. Algún deles atópase en réxime de internado e os externos proceden de distintos ambientes e localidades. O alumno interno, en réxime de tutela ou garda legal, viven nos tres internados do Centro Infantil: Maternais, Escola Fogar e Agarimo. Estes alumnos/as son os que proveñen na súa maioría de familias bastantes desestructuradas.

O contacto cos internados é bo, aínda que, mellorable nalgunha unidade. Realízanse reunións conxuntas, existe una liña educativa a seguir, colabórase nas demandas que xorden ben por parte do profesorado ou dun educador/a sobre algún tema puntual que afecte ao alumno/a.

O colexio de educación especial é un centro polivalente no sentido de que atende a alumnado con discapacidade intelectual, física e sensorial de tipoloxía diversa:

- Afectacións lixeiras e medias, alumnado gravemente afectado no seu desenvolvemento xeral e plurideficiencias.
- Alumnado con discapacidade intelectual específica e outros que ademais levan asociada discapacidade motórica e/ou discapacidade sensorial (xordeira) e/ou Trastornos de Espectro Autista e/ou Trastornos do comportamento e condutas disruptivas (TDAH, Trastorno Negativista Desafiante, Trastorno Disocial).
- Alumnado escolarizado dende os primeiros anos en centro específico e outros que tras unha primeira etapa escolar coa modalidade de escolarización en centro ordinario acoden agora ó noso centro a tempo total, e,



- Alumnado en escolaridade combinada (con discapacidade intelectual e un desfase curricular, hipoacusias severa, RXD, TEA....)

Isto implica, por unha banda, que todo o noso alumnado presenta necesidades educativas especiais e por outra que nos atopamos fronte a unha gran diversidade, con importantes repercusións a nivel organizativo, metodolóxico de recursos e, en xeral, de funcionamento.

2.4. SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

Este é un centro que escolariza alumnado de varias localidades: Morrazo, a Estrada ó Salnés, Pontevedra Vigo, ... por iso é imprescindible contar cun servizo de transporte variado.

Contamos con 3 rutas de autobuses e 12 taxis. Unha escasa porcentaxe de alumnado ven en transporte familiar.

Como nos chegan nenos/as de diferentes Concellos e realidades socioeconómicas (rural, urbana, interior e costa), enriquecémonos da pluralidade destas contornas naturais nos que eles viven, pero tamén supoñen unha dificultade engadida, para moitos pais/nais para poder desprazarse ata o centro, con certa asiduidade.

A ubicación do colexio nas aforas de Pontevedra, obriga a empregar o transporte escolar para calquera saída; estas, son cubertas por unha empresa privada contratada persoalmente polo centro.

2.5. SERVIZO DE COMEDOR

O Centro Infantil ten o seu propio comedor, para os nenos/as usuarios do complexo (internos, centro de día). Dende o curso 2009-2010 grazas a un convenio entre a Consellería de Educación e a Deputación de Pontevedra a instancia das reiteradas peticións xustificadas da dirección do colexio, concedeuse varias bolsas para o comedor para os alumnos/as do CEE Pontevedra, conseguíndose 33 becas. Hoxe en día disfrutan deste servizo case o 50% da nosa poboación escolar.

2.6. ASOCIACIÓN DE PAIS/PAIS

O colexio ten asociación de pais/nais: a AMPA "Montiño". A asociación ten unha nova xunta directiva, que se renova co obxectivo de comprometerse como colectivo na

educación dos seus fillos/as, en distintos ámbitos: cultural, laboral, persoal, etc. A súa labor é moi ardua, dado que a implicación da maioría dos pais/nais/titor legal é moi escasa; os motivos obedecen a varias causas: familias desestructuradas, lonxanía e dificultades para desprazarse, motivos laborais e baixo nivel cultural. A relación do centro e o profesorado coa familia é boa. Anualmente organizan unhas dúas xornadas formativas anuais en colaboración co centro.

2.7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Membros do Departamento de Orientación:

No artigo nº 3 da *Resolución do 22 de Decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial*, a composición do departamento é a que sigue:

- Un xefe do departamento de orientación, que será o Orientador/a do Centro.
- Un profesor/a titor/a por cada oito unidades escolares ou fracción, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Un profesor sen función titorial e que exerza funcións de apoio oa alumnado, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Un profesor especialista en audición e linguaxe, designado pola dirección por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Dadas as características do noso centro, a composición actual do DO é a seguinte:

- A xefa do Departamento de Orientación
- 1 Coordinador de ESO.
- 1 Coordinador de TVA
- 1 Coordinador de PF (Addenda do centro)
- 1 Especialista en AL/Dirección.
- 1 Mestre sen función titorial (Especialista EF)

As reunións do departamento realizaranse mensualmente os luns ás 14:30,

Respecto o D.O. cabe reseñar:

- Parécenos importante saber entender e transmitir o papel do Departamento de Orientación nun centro de educación especial a toda a comunidade escolar,

valorando a importancia da coordinación da labor orientadora e comezando por sentar as bases deste proceso a través da acción tutorial.

- Centralizar os recursos do departamento no seu propio espazo e facer unha base de datos tanto dos recursos (para pór a disposición dos mestres) como do alumnado susceptible de intervención.
- O noso Plan de Orientación ten como referente o Proxecto Educativo do centro.

3. AVALIACIÓN DAS NECESIDADES

Logo da correspondente análise da situación existente no centro, a través da observación, das consultas iniciais plantexadas ao profesorado e persoal non docente, das conversas co equipo directivo e tendo en conta as conclusións reflectidas na Memoria Anual, pódense destacar as seguintes necesidades:

3.1. Relativas ao centro:

- Necesidade de colaborar na reconfiguración da concreción curricular axeitada á realidade cambiante do noso alumnado e as novas dinámicas pedagóxicas.
- Necesidade de revisar o Plan de Orientación Académica e o Plan de Acción Tutorial, anualmente mediante a súa concreción na P.X.A.
- Necesidade de apoiar e potenciar a coordinación entre os diferentes sectores da comunidade escolar: profesorado, familias, persoal auxiliar e axentes externos.
- Necesidade de dinamizar a formación en Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación e en programas de estimulación multisensorial, cognitivos (p.e. Comunicación Total, SPC, P.E.C.s).
- Necesidade de apoiar as demandas en canto a recursos materiais e persoais e axudas técnicas, ante a administración.
- Necesidade de potenciar a coordinación co centro ordinario co que compartimos alumnado en escolarización combinada.
- Necesidade de potenciar a coordinación cos servizos sanitarios, Atención Temprá, Rehabilitación Logopédica e Psicopedagóxica externa.

3.2. Relativas ao alumnado:

- Necesidade de analizar e consensuar as probas, inventarios, cuestionarios... máis axeitados ás diferentes realidades.
- Necesidade de fomentar o consenso de medidas de actuación preventivas.
- Necesidade de revisar periodicamente e completar a valoración das necesidades educativas do alumnado para ir modificando a resposta máis adecuada.
- Necesidade de dispór dos documentos de Adaptación Curricular do alumnado en escolarización combinada.
- Necesidade de sentar as liñas fundamentais dunha orientación laboral asequible ao alumnado con competencias.
- Necesidade de axudas técnicas específicas para traballar co alumnado.
- Necesidade de ser escoitados e manter conversas que lle orienten e/ou asesoren psicolóxica, emocional e profesionalmente.
- Necesidade de potenciar e favorecer a orientación vocacional e laboral do alumnado.

3.3. Relativas ao profesorado:

- Necesidade de dinamizar e reflexionar sobre a función titorial.
- Necesidade de colaboración no relativo á orientación académica.
- Necesidade de apoiar e potenciar a coordinación intra e interniveis, contando coa participación do profesorado especialista en Audición e Linguaxe, Música e Educación Física.
- Necesidade de coordinación nos programas de intervención, sobre todo no eido da autonomía persoal, da comunicación e da resposta ás conductas desafiantes.
- Necesidade de analizar e acordar criterios metodolóxicos relacionados con: programas de autonomía, programas de habilidades sociais e programas de lectoescritura.

3.4. Relativas ás familias

- Necesidade de apoio e orientación en aspectos relacionados coa saúde física, comunicación, alimentación, autonomía persoal, conductas, control de esfínteres, servizos de apoio (fisioterapia), axudas técnicas...

- Necesidade de información respecto a Programas de respiro, Asistencia xurídica, Servicios e recursos do entorno, subvencións, cursos para familias, Asociacións de persoas con discapacidade psíquica...
- Necesidade de potenciar a relación familia - titor, familia - centro, educadores - titor, educadores - centro.
- Necesidade dunha Escola de nais e pais.

4. OBXECTIVOS

Tendo en conta a situación do departamento, parécenos fundamental:

4.1. Referidos ao Centro

- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Colaborar na revisión do PE e da PXA e na elaboración da Memoria final de curso do centro.
- Impulsar o POAP e o Plan de Acción Titorial e a avaliación continua das Medidas de Atención á Diversidade.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, así como cos educadores/as, buscando actuacións conxuntas e cooperación na responsabilidade compartida da educación dos alumnos/as.
- Potenciar a coordinación sobre aspectos metodolóxicos tales como: métodos e material de lectoescritura, sistemas de comunicación e sistemas de apoio visual, programas de control de esfínteres e intervención fronte a condutas disruptivas, programas de autonomía persoal e social e de habilidades sociais, igualdade ...
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos recursos específicos nel existentes, así como asesorar aos distintos sectores da comunidade educativa sobre o seu emprego.
- Potenciar “nalgúns casos” a utilización sistemática de “diarios de aula” e “rexistros” como elementos fundamentais nunha avaliación formativa e continua, propoñendo modelos relativos ao moldeamento de condutas, resolución de crises, asimilación de rutinas...
- Dinamizar o uso do ordenador e da tablet para poñer en marcha estratexias de aprendizaxe, difundir materiais e páxinas web adaptadas.

- Promover dende o departamento a formación do persoal tanto docente como non docente naqueles S.A.C que dean unha resposta adecuadas as necesidades comunicativas dos alumnos/as. Neste curso, 2019-20 o profesorado participa nun curso de PECs.

4.2. Referidos ao alumnado

- Colaborar no deseño de programas e accións específicas que proporcionen respostas educativas apropiadas ás necesidades especiais do alumno/a.
- Colaborar na dinamización da convivencia e as relacións afectivas, potenciando unha maior integración grupal dos alumnos/as no seu desenvolvemento.
- Diseñar e propoñer medidas de carácter preventivo e de acción inmediata, sobre todo no ámbito da conduta (autoestimulación, autolesión, conduta disruptiva...), que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e que incidan na mellora da convivencia no centro.
- Potenciar a planificación de sesións específicas de intervención, fundamentalmente en contextos naturais como son as saídas á contorna.
- Atender as demandas persoais de orientación laboral do alumnado coñecendo a oferta tanto dentro como fóra do centro: Programas de Transición á Vida Adulta, Programas Formativos de FP Básica, Centros Ocupacionais,

4.3. Referidos ao profesorado

- Colaborar na **avaliación inicial** do alumnado que comeza a súa escolarización e propoñer modelos de análise da competencia curricular adaptados ás diferentes necesidades.
- Realizar as avaliacións **psicopedagóxicas** que se consideren pertinentes.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de innovación educativa para alumnado con necesidades específicas.
- Asesorar, coordinar e colaborar na realización dos informes pedagóxicos e en propostas de traballo específico co alumno/a.
- Colaborar co profesorado na implementación das medidas que contribúan a mellorar a convivencia no centro.
- Potenciar a coordinación inter/intra niveis e coordinar as actuacións do profesorado titor co profesorado de apoio e o persoal laboral.

- Asesorar ao profesorado na súa relación coas familias e os educadores do Centro Infantil Príncipe Felipe.
- Promover unha estreita coordinación entre os mestres/as titores de alumnos/as en escolarización combinada.

4.4. Referidos ao contexto familiar (familias e educadores)

- Promover, en colaboración cos titores/as actividades informativas bilaterais e formativas que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Colaborar coa ANPA do centro.
- Estimular un maior achegamento e implicación das familias nos programas de traballo, especialmente a nivel de autonomía e comunicación.
- Asesorar aos pais, nais e titores nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos ou fillas.
- Potenciar o intercambio periódico de información, a través de xuntanzas, conversas telefónicas, entrevistas oficiais, titorías.
- Informar sobre Programas de Respiro Familiar, subvencións e becas, servizos sanitarios, Atención Temperá, axudas técnicas...
- Potenciar a superación de actitudes sobreprotectoras de cara a un afrontamento funcional da situación de discapacidade con expectativas axustadas e realistas.
- Mellorar o modelo de entrevista inicial ás familias.

4.5. Referidos ao persoal non docente

- Impulsar a súa formación e a coordinación cos demais profesionais, sobre todo no referente aos programas de traballo nos que están implicados.

4.6. Referidos á colaboración con servizos e institucións externas ao Centro

- Solicitar asesoramento do Equipo de Orientación Específico nos temas que se considere necesario.
- Establecer canles de comunicación co EOE provincial, Servizo de Inspección Educativa, Servizos de Atención Temperá, Ortopedias, Servizos Hospitalarios, Colexios de Educación Infantil e Primaria, IES, Sservizos Sociais...

- Potenciar a coordinación cos departamentos de orientación dos centros de Primaria cos que compartimos alumnado en escolaridade combinada.
- Regularizar a escolarización combinada dos alumnos e alumnas dos Centros da Cidade Infantil Príncipe Felipe.
- Planificar encontros con departamentos de orientación de centros homólogos ao noso para conseguir información sobre o funcionamento do departamento, probas e recursos máis axeitados, axudas técnicas utilizadas..., tentando crear liñas de contacto periódico.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Partindo dos obxectivos sinalados anteriormente, concretaranse a continuación as accións prioritarias que se levarán a cabo por este Departamento de Orientación, tendo en conta, por un lado, as tres liñas fundamentais de traballo:

-Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-A acción titorial.

-A orientación académico-profesional.

E por outro lado, encaixando estas propostas cos destinatarios aos que se dirixen:

-Alumnado.

-Profesorado.

-Familias.

É preciso facer constar que as accións que se determinan están globalmente concibidas aínda que se especifiquen actividades concretas de intervención.

Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e as medidas de atención á diversidade

- Colaboración no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual, sobre todo en temas relacionados con normativa que regula o funcionamento do centro e relación con institucións externas ao centro.
- Colaboración coa dirección do centro na xestión dos recursos específicos existentes, así como asesoramento aos distintos sectores da Comunidade Educativa sobre o seu emprego.
- Participación na Comisión de Coordinación Pedagóxica asesorando especialmente sobre aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos:

- Medidas de atención á diversidade (programas específicos, medidas organizativas, curriculares, apoios, detección e valoración das necesidades educativas do alumnado, ...).
- Promovendo e impulsando a elaboración do Plan de Acción Titorial.
- Potenciando debates e acordos sobre organización do centro en niveis.
- Unificando criterios a nivel de obxectivos, contidos e criterios de avaliación dos ciclos e criterios metodolóxicos.
- Unificando criterios sobre os modelos de informe de aula e informes ás familias.
- Actuacións que potencien a coherencia educativa no desenvolvemento das diferentes programacións, fomentando a comunicación entre os distintos profesionais que interveñen cun grupo de alumnos/as (asesoramento nas entrevistas e reunións cos pais, nais e titores legais, nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente, e favorecendo actividades de formación dos docentes).
- Realización da avaliación psicopedagóxica.
- Realización de tarefas de prevención, detección e intervención: deseño e aplicación de programas de habilidades sociais, charlas de autoestima, resolución pacífica de conflitos, autonomía...
- Actuacións coas familias:
 - Orientación as familias de xeito individual e colectivo.
 - Potenciación da implicación das familias na vida do centro e nas actividades de apoio ao desenvolvemento global dos seus fillos/as.

Apoio ao Plan de Acción Titorial

- Potenciación da elaboración do PAT
- Proposta de criterios para a formación de grupos - clase.
- Asesoramento sobre actividades do/a titor/a en relación ao grupo:
 - Análise da dinámica de grupo
 - Asesoramento para actuacións dos titores/as con alumnos/as de xeito individual
 - Colaboración cos titores/as para manter relacións fluídas coas familias

Asesoramento e orientación académica e profesional

- Asesoramento ás familias do alumnado que inicia a súa escolarización:
 - Informe sobre o centro: organización, servizos, actividades, recursos...
 - Asesoramento sobre o sistema educativo en xeral.
 - Orientación sobre os recursos comunitarios: Asociacións e Federacións, servizos sociais, certificación de minusvalías, prestacións, becas, incapacitación legal, ...
- Asesoramento ás familias do alumnado que remata a escolaridade: recursos do entorno.
- Asesoramento ás familias de alumnos/as que poidan precisar orientación profesional: recursos do entorno, Programas do Plan FIP (Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional), AFD (Accións Formativas para Desempregados), Programas de FP Dual, FP Básica,
- Establecemento de canles de comunicación con outras institucións na procura dunha posible integración socio-laboral do noso alumnado: INEM, Servizo Galego de Colocación, servizos de integración laboral de asociacións como FADEMGA, COGAMI, ...

Todas estas intervencións podemos resumilas, tendo en conta os seus destinatarios, no seguinte cadro:

<p>Accións referidas ao Centro</p>	<p>-Colaborar cos distintos Equipos do Centro: equipos de niveis e Comisión de Coordinación Pedagóxica. -Colaborar co Equipo Directivo.</p>
<p>Accións referidas ao Alumno/a</p>	<p>-Avaliación psicopedagóxica: entrevista familiar / recollida de información e datos da avaliación / emisión de informes / orientacións para a intervención cos alumnos/as. -Revisión de informes e seguimento dos alumnos a nivel psicolóxico, funcional... -Atención individualizada ou grupal, en colaboración cos titores/as e desenvolvemento de programas específicos: autoestima, habilidades sociais, modificación de conduta, afectividade-sexualidade.. -Orientación laboral e búsqueda de emprego: empresa ordinaria, centros especiais de emprego, cursos de formación...</p>
<p>Accións referidas ao profesorado e personal de apoio</p>	<p>-Colaborar co profesorado e persoal de apoio a través de reunións co obxectivo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Detección e prevención de condutas do alumno que poidan dificultar o seu proceso de aprendizaxe. • Coordinar e colaborar na adopción de medidas de actuación e intervención específicas de apoio (adaptación ao centro, problemas condutuais, ...). • Asesorar e facilitar os recursos materiais e técnicos necesarios. <p>-Impulsar e coordinar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa. -Colaborar coas coidadoras na posta en marcha de actuacións de desenvolvemento de habilidades dos alumnos/as (autonomía, habilidades sociais, control de esfínteres...).</p>

<p style="text-align: center;">Accións referidas ás familias</p>	<p>-Atención ás familias que demandan praza no centro.</p> <p>-Entrevistas persoais e orientacións sobre cuestións puntuais plantexadas polos pais e/ou polo centro.</p> <p>-Desenvolvemento de actividades de formación de pais/nais/titores legais para facilitarlles a súa tarefa educativa mediante charlas, coloquios ou escolas de pais e nais.</p> <p>-Editar material informativo a través de follas informativas.</p>
<p style="text-align: center;">Accións referidas a outros Centros Educativos</p>	<p>-Colaborar cos titores/as na posta en marcha de actuacións conxuntas co centro de escolarización combinada:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reunións informativas dos Departamentos de Orientación. • Avaliación dos alumnos/as que realizan esta modalidade de escolarización. • Reunións de coordinación para a toma de decisións e programación conxunta entre os profesionais dos centros. • Seguimento da marcha dos alumnos/as e avaliación conxunta da modalidade educativa.
<p style="text-align: center;">Accións referidas a outros organismos e institucións</p>	<p>-Establecer canles de comunicación e participación cos diferentes profesionais, servizos e institucións que desenvolven actividades no eido educativo, social, da saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Departamentos de Orientación de centros educativos ordinarios. • Equipos de Orientación Específica. • Servizos de Inspección Educativa. • Federacións e asociacións de persoas con discapacidade. • Servizos sociais dos concellos. • Universidade. • Policía local/ policía nacional. • Cruz vermella, etc.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

No desenvolvemento das liñas de actuación anteriormente expostas, o Departamento de Orientación adoptará estratexias diversas de intervención que deberán favorecer a participación activa e cooperativa de todas as persoas implicadas dentro da dinámica xeral do Centro.

Asemade, cando sexa necesario, a persoa orientadora realizará unha labor de asesoramento en estratexias, métodos, técnicas e materiais concretos, naquelas situacións que se detecten dificultades relacionadas co proceso de ensino - aprendizaxe e de adaptación do alumnado.

As estratexias de intervención fundamentaranse nos seguintes principios:

- **Prevención:** a educación debe anticiparse á aparición de situacións que sexan un obstáculo ao progreso do alumnado. De aí que todos os alumnos/as beneficiaranse da orientación educativa.
- **Desenvolvemento harmónico e integral das persoas:** o fin de toda educación é o crecemento potencial das persoas, polo que esta debe dotar ao alumnado das competencias necesarias para afrontar as demandas de cada etapa evolutiva e proporcionarlle situacións de aprendizaxes significativas.
- **Intervención social:** o enfoque sistémico-ecolóxico da intervención toma en consideración cada un dos elementos e variables que constitúen o sistema onde se inserta o alumno/a.
- **Colaboración** con toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias) do centro.
- **Reflexión:** o análise e a reflexión sistemática sobre a práctica educativa axudará a modificala e a axustar as intervencións, de cara a lograr unha mellora da calidade educativa.

Estas estratexias referiranse a:

- Alumnado: fundamentalmente a través da persoa titora.
- Profesorado: colaborando e asesorando nos procesos de ensino-aprendizaxe e facilitando os recursos necesarios.
- Familias: dando resposta as demandas concretas e establecendo canles de comunicación, información e participación recíproca.

Todas estas intervencións deben facerse, polo tanto, dende un enfoque preventivo, interactivo, globalizador e sistémico, destacando as seguintes accións:

- Asesoramento psicopedagóxico en cuestións relativas ao centro, como conxunto, referidas as aulas e individuais.

-
- Avaliación de necesidades, determinación de obxectivos, elaboración de plans, implementación dos mesmos e a súa avaliación.
- Emprego de cuestionarios, entrevistas, observacións, revisión de documentación, probas de avaliación psicopedagóxica.
- Aplicación e seguimento de programas diversos, deseñados no centro ou publicados: de técnicas de traballo intelectual, comprensión lectora, autonomía, autoestima, habilidades sociais...
- Realización de reunións informativas, de coordinación, de avaliación e de formación conxunta, tanto do profesorado e personal non docente, como cos pais/nais/titores dos alumnos/as.
- Establecemento de contactos e coordinación con outros servizos externos ao centro: Departamentos de Orientación, Servizo de Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Servizos sociais dos concellos ...
- Búsqueda e estudo de materiais que axuden a avaliación psicopedagóxica do alumnado.
- Búsqueda de páxinas web sobre necesidades educativas especiais e orientación. Actualización permanente.
- Análise e adquisición de programas informáticos.

A temporalización e planificación de todas estas accións faranse no Plan Xeral Anual do Departamento de Orientación ao comezo do curso escolar.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA

A avaliación enténdese coma un proceso permanente de recollida de información, valoración, e toma de decisións. Os criterios que van guiar o proceso de avaliación da actividade realizada polo Departamento de Orientación, serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de consecución das actividades realizadas.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de implicación de todos/as os/as responsables no desenvolvemento das actividades.
- Nivel de consenso acadado no centro en torno as propostas realizadas.
- Grao de integración das actividades do D.O. na dinámica xeral do centro.
- Grao de satisfacción dos/as implicados/as.

- Obxectivos acadados non previstos inicialmente.

Para a avaliación do POA recolleranse datos subministrados por membros do departamento de orientación, titores/as, pais/nais, alumnos/as, persoal non docente, equipo directivo, mediante instrumentos diversos: cuestionarios, entrevistas, intercambios orais..., e **indicadores de calidade**: os logros acadados, adecuación dos recursos, temporalización dalgúns programas, grao de implicación....entre outros.

CEE PONTEVEDRA

ANEXO: CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO POAP

Nome:
Curso escolar:
Data:

Escala de valoración:

- 1- Totalmente de acordo
- 2- De acordo
- 3- En desacordo
- 4- Totalmente en desacordo

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4
Axustouse o plan de orientación ás necesidades reais do centro.				
Colaborouse desde o departamento na elaboración e revisión dos documentos do centro : Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, Plan de Convivencia...no que respecta especialmente a organización da atención das N.E.A.E. dos alumnos/as.				
Levouuse a cabo o estudio global, análise e valoración das necesidades máis frecuentes do noso alumnado.				
Concretouse as necesidades e competencias do alumnado mediante a exploración e a elaboración do diagnóstico psicopedagóxico .				
Procurouse o asesoramento ao equipo directivo e aos mestres/as, no referente aos reforzos, adaptacións, a				

intervención psicopedagóxica, programación didácticas globalizadoras, recursos materiais e pautas de actuación nas diferentes problemáticas.				
Colaborouse no deseño de programas de intervención específicos, tanto de prevención, apoio como de recuperación das dificultades de aprendizaxe e de comunicación.				
Avanzouse na introdución de estratexias metodolóxicas innovadoras , que incidisen directamente no proceso de E-A, e favorecendo a introdución das novas tecnoloxías.				
Regulouse desde o departamento o seguimento do alumno en escolarización combinada , facilitando canles entre as persoas implicadas na intervención.				
Estableceuse relacións de cooperación entre a familia e centro , tanto para demandar a necesidade de información respecto o seu fillo/a, solicitar a súa implicación no proceso de intervención e facilitarlle información sobre a adaptación e a evolución do rapaz/a no centro.				
Conseguiuse que toda a comunidade educativa se involucrase co departamento, tanto para conquistar axuda como para facilitala.				
Coordináronse relacións bidireccionais entre o departamento o outras persoas ou entidades, que teñen algo que dicir na intervención das necesidades educativas e sociais dos alumnos/as, tales como a asistencia social, o equipo específico, servizos de atención médica, centros de recursos, etc.				
Elaborouse o Plan de Acción Titorial e aportáronse criterios para a organización e funcionamento efectivo das titorías.				
Asesorouse á C.C.P. no establecemento dos agrupamentos , atendendo ao criterio de flexibilidade, segundo a diversidade de				

aptitudes, intereses e motivacións dos alumnos/as.				
Facilitouse axuda sobre o uso de técnicas específicas nas aulas, tales como programas de “ensinar a pensar”, técnicas de “modificación de conducta”, técnicas para a mellora do autoconcepto e autoestima, hábitos de estudio e traballo, etc.				
Favoreceuse estratexias de comunicación entre os alumnos/as e titores, para mellorar a calidade de relación humana e regular unha atención inmediata cando os alumnos/as a soliciten.				
Procurouse a integración de alumnos/as inmigrantes con N.E.A.E. no grupo-clase, regulando a súa atención mediante programas específicos baixo o respecto da interculturalidade.				
Coordínouse as relacións entre os titores e as familias , mediante pautas de actuación e dinámicas de comunicación para resolver problemas, dúbidas, demandas...				
Procurouse que o centro se implicase activamente na orientación educativa e profesional e na preparación dos alumnos/as para a súa vida activa , éste último porque é o paso posterior unha vez rematada a súa vida escolar.				
Orientouse aos pais/nais/titores/as sobre a mellor resposta educativa para atender as necesidades do seu fillo/a permita desenvolver ao máximo as súas capacidades.				
Delimitar cal é a mellor resposta laboral individual para os nosos alumnos/as respectando as súas habilidades, destrezas e competencias procurando estén acordes co proxecto de traballo a desenvolver.				
Iniciar os contactos co mundo empresarial , que sexa susceptible de poder ofertar un posto de traballo.				
Facilitóuselles información a pais/nais/titores/as/alumnos/as sobre as saídas laborais e académicas, procurando que os pais				

<p>asuman unha corresponsabilidade e implicación na búsqueda dun traballo digno para o seu fillo/a.</p>				
<p>Formouse aos alumnos/as na toma de decisións propias que poidan ter que tomar tamén no seu futuro profesional, mediante a recreación de situacións laborais.</p>				
<p>Trasladouse a pais/nais e titores/as unha relación actualizada de institucións, entidades e asociacións implicadas na inserción laboral de persoas con discapacidade.</p>				
<p>Deuse resposta individual a cada un dos alumnos/as, respectando a súas características e tendo unhas expectativas adecuadas e consensuadas entre as persoas involucradas.</p>				
<p>Colaborouse co Equipo Específico para organizar a resposta educativa e/ou laboral.</p>				
<p>Introducíronse as modificacións necesarias para mellorar o POA.</p>				

Dilixencia:

O presente documento foi aprobado polo Claustro de Profesores en sesión do 30/04/2020 e avaliado polo Consello Escolar (08/05/2020). Terá unha validez de catro anos, tempo no que se procederá a súa revisión. Anualmente o DO realizará a concreción das actividades anuais que se recollerán na Programación Xeral.

A Directora



Asdo. Amelia Otero López



A secretaria



Asdo. Paula C. García Bóveda